

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 20 DE OUTUBRO DE 2023

PRESIDENTA:

Dona María Nava Castro Domínguez

VOGAIS:

Dona Marta Fernández-Tapias Núñez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don José Carlos López Campos
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Jesús Vázquez Almuíña
Dona Isabel Couselo Torres en substitución
de Dona María Sandra Bastos Míguez
Don Carlos López Font
Don Carlos Gómez Prado
Dona Ana Laura Iglesias González
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Javier Iglesias Mougán
Dona María Manuela Rodríguez Pumar
Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo as doce horas e vinte minutos do día 20 de outubro de 2023, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Nava Castro Domínguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 22 DE SETEMBRO DE 2023 (Expediente 2023060029)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 22 de setembro de 2023.

2. DAR CONTA DAS BASES DA VIII EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTIZ (Expediente 2023058518)

A Secretaria da Comisión elabora un informe con data 17 de outubro de 2023, para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grado e fin de máster, cuxo contido literal é o seguinte:



“A Deputación de Pontevedra, consciente de que a educación é un dos piares fundamentais para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, quere seguir colaborando coa universidade para promover accións que fomenten a igualdade e a transversalidade da perspectiva de xénero no ámbito universitario.

Por elo, convoca a oitava edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á Inclusión da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster que teñen como obxectivo sensibilizar o alumnado da Universidade de Vigo sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fomentar a súa investigación e estudo, e premiar os traballos de fin de máster e de fin de grao que incorporen a perspectiva de xénero. Ao mesmo tempo, quérese fomentar a incorporación da perspectiva de xénero na docencia e promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como elemento de interese na investigación e no estudo dentro da universidade.

Desde o punto de vista competencial, nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase que aos poderes públicos lles corresponde promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, así como eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel do Estado español; na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; e no Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, recóllese que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

Nesta liña, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

*Que tendo en conta o anterior a Deputación de Pontevedra convoca a **oitava edición** dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster.*

A convocatoria ten por obxecto fomentar, consolidar e dar a coñecer a inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de máster e fin de grao realizados polo alumnado da Universidade de Vigo, nos campus de Vigo e de Pontevedra.



Poderán solicitar estes premios as e os estudantes da Universidade de Vigo dos campus de Pontevedra e Vigo que realizasen un traballo de fin de grao ou de fin de máster no que se inclúa a perspectiva de xénero e que se presentase, defendese e aprobase durante o curso 2022-2023 en calquera rama de coñecemento.

A contía total prevista para estes premios é de 5.200 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/250.2315.480.02, do orzamento xeral da Deputación 2023.

Para os traballos de fin de grao se outorgarán dous premios dotados con 1.000 € cada un e un accésit dotado con 600 € e, para traballos de fin de master igualmente se entregarán dous premios dotados con 1.000 € cada un e un accésit dotado con 600 €.

As persoas interesadas teñen de prazo ata o 23 de outubro para presentar as súas solicitudes de participación na convocatoria”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte e dous minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

